

**ANUNCIO 1/2021 : AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE
CARTELLE**

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

1. IN421P - AXUDAS PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES DE USO TÉRMICO. DOGA DO 18/01/2021.

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible, e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, aerotermia ou a solar térmica.

En concreto, os proxectos de biomasa que se subvencionarán son os do grupo: **A1 estufas de aire, cociñas calefactoras**, A2 cambio de queimadores existentes que non sexa de biomasa, **B1 equipamentos térmicos que utilicen leña**, hidroestufas ou Insert/cheminea de auga, B2 (caldeiras de **pellets** con volume de acumulación de combustible inferior a 1.000 l) e B3 (caldeiras de pellets con volume de acumulación de combustible maior o igual a 1.000 l).

Solicitudes a través das empresas adheridas. Para consultar:

<https://appsinega.xunta.es/entidadesRenovables2021/consulta/>

Prazo de presentación: 01/03/2021 - 01/07/2021

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará segundo a tipoloxía do proxecto nas seguintes datas:

- Biomasa: o 1 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.
- Aerotermia: o 2 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.
- Xeotermia: o 5 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.
- Solar térmica: o 5 de marzo de 2021 ás 9.00 horas.

O prazo de presentación de solicitudes de axuda finalizará o 1 de xullo de 2021 para todas as tipoloxías de proxectos. Neste caso informarase do peche adiantado do prazo de solicitude a través da páxina web do Inega e no Diario Oficial de Galicia (código de procedemento IN421P).

2. IN421O - AXUDAS PARA PROXECTOS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA. DOGA DO 18/01/2021

3. IN417Y - SUBVENCIÓNS PARA AUDITORÍAS ENERXÉTICAS, IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN, E PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DOS SECTORES INDUSTRIA E SERVIZOS. DOGA DO 18/01/2021

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

4. VI435A - SUBVENCIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 PARA MENORES DE 35 ANOS. DOGA DO 02/02/2021. PRAZO: 03/02/2021 ATA 01/09/2021

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

5. MR651C - AXUDAS DESTINADAS AO IMPULSO Á BOA GOBERNANZA NAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN. DOGA DO 09/02/2021. PRAZO: ATA 24/03/2021

6. MR651B - SUBVENCIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DE PUNTO DE AUGA EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN E SOFOR.

7. MR651A - SUBVENCIÓNS PARA O CONTROL SELECTIVO DE COMBUSTIBLE EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN E SOFOR. DOGA DO 16/02/2021. PRAZO: ATA O 16/03/2021

8. MR605A - ACCIÓNS SILVÍCOLAS DE PREVENCIÓN DOS DANOS CAUSADOS AOS BOSQUES POR INCENDIOS, DESASTRES NATURAIS E PARA O INCREMENTO DA CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN E DO VALOR AMBIENTAL DOS ECOSISTEMAS FORESTAIS. DOGA DO 26/02/2021. PRAZO: ATA 14/04/2021

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

9. PR905A - AXUDAS EXTRAORDINARIAS E AXUDAS REFORZO COVID-19 A PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS. DOGA DO 17/02/2021. PRAZO: ATA O 30/09/2021

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

10. II PLAN DE RESCATE DA XUNTA DE GALICIA

DIRIXIDO A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS, MICROEMPRESAS, HOSTALARÍA E OUTROS SECTORES PECHADOS

LIÑA 1

Orde do 17 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do II Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas e das microempresas afectadas pola crise da COVID-19, mediante o Programa I de persoas traballadoras autónomas (TR500A), susceptible de ser financiado parcialmente polo Fondo Social Europeo (FSE), e o Programa II de microempresas (TR500B), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. Doga do 18/02/2021. **Prazo: ata o 18/03/2021**

Programa I - persoas traballadoras autónomas (TR500A)

Programa II - microempresas (TR500B)

LIÑA 2

Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021. Doga do 23/02/2021. **Prazo ata o 23/03/2021**

Programa I - hostalaría (TR500C)

Programa II - outras actividades pechadas (TR500D)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

11. BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2021. B.O.P. DO 17/02/2021. PRAZO: ATA O 30/03/2021.

Cartelle, 12 de marzo de 2021

Asdo.: O Técnico

Miguel Angel Martínez Armada